

Matarile é historia viva da escena contemporánea en Galicia. Sentimos nostalxia polo Teatro Galán e lembramos todas as edicións do festival En Pé de Pedra coas que descubrimos outra Compostela en movemento. Lembramos montaxes como Café Acústico (1992) ou The Queen is dead (1998) e celebramos ledos este 30 aniversario de resistencia creativa nun escenario propio onde o diario, o invisible e o imaxinario poténcianse.

Tras eloxiar o entusiasmo en Historia Natural, un entusiasmo que nos blinda fronte a dureza do exercicio da profesión e denunciar o abatimento que golpea en Cerrado por Aburrimiento; agora volven, volvemos con eles á danza, ao corpo, ao Teatro Invisible, a Staying alive, a El Cuello de la Jirafa, pezas que contan con ironía sobre as mulleres e súas fronteiras no mundo das artes escénicas, falan da situación cultural, dos espazos baleiros, da esperanza e do medo mantidos nesa linguaxe do corpo e a palabra poética necesaria para Ana Vallés que destila un teatro personal que só Baltasar Patiño pode iluminar.

Dende Acción Cultural sostemos o entusiasmo polo significado profundo desta longa celebración: a volta da escena independente aos espazos municipais da cidade. Compartir con Matarile esta celebración que é unha homenaxe, tamén unha declaración fundamente política. A escena está de volta en Compostela, o corpo político, necesariamente crítico, vertebrado a visión da cultura municipal nestes novos tempos. Entón o Teatro Principal transfórmase nun laboratorio escénico para acompañar a Matarile, ao seu público e aos actores e bailarinas que medraron con eles.

Escoitaremos algunhas das voces que acompañaron a Matarile, palabras de Peter Handke, Tadeusz Kantor, Kazuo Ohno, Félix de Azúa, Unamuno, Giorgio de Chirico, William Shakespeare, Thomas Bernhard, Javier Martínez Alejandro e da propia Ana Vallés mesturadas con pezas musicais que van de Henry Purcell a R.E.M., pasando por Vivaldi, Scarlatti ou Henryk Górecki. Xunto a Ana será tamén protagonista Baltasar Patiño xa que sen el serían imposibles eses espazos escénicos nos que os personaxes atopan o lugar preciso para expresar sentimentos, para conversar sobre a beleza, a vida e a morte, cinguidas, nesas máis de vinte e cinco pezas que viaxaron por dúcias de países.

Matarile dentro dese teatro alternativo que reinventa o lugar escenográfico, artefacto de ideas que desprega historias contra da linguaxe única, desenvolve un teatro suxeito a continuas revisións que non é alleo á crisis que afecta á cultura actual e que conta co seu público fiel, motivos polos que a compañía recibiu numerosos galardóns por parte do público e da crítica. Como concelleira de Acción Cultural, en nome do público de Compostela, agradezo a dedicación resistente de Ana e Baltasar no complexo eido da difusión do teatro e a danza en Galicia e celebro unha experiencia vital e escénica durante 30 longos anos. Compostela agarda moitos máis.

Branca Novoneyra

Concalleira responsable de Acción Cultural no Concello de Santiago de Compostela

colaboran no 30 aniversario de matarile teatro



MATARILE TEATRO
dirección artística Ana Vallés e Baltasar Patiño
matarileteatro@gmail.com

www.matarileteatro.net

1986



1993 - 2005



1995 - 2007



MATARILE TEATRO

PREMIOS RECIBIDOS

Hombres Bisagra

Premio 2015 ao espectáculo máis innovador do TAC XVI Festival Internacional de Teatro de Valladolid

Staying Alive

Seleccionado pola Revista FronteraD como un dos dez mellores espectáculos programados en Madrid 2014

Animales Artificiales

Premio do público ao mellor espectáculo do Festival Internacional Don Quijote de París 2009

Historia Natural

Premio do público ao mellor espectáculo na Feira Teatro de Galicia 2005
Premio ao espectáculo máis innovador do XI Festival Internacional de Teatro y Artes de Calle de Valladolid (Versión especial para o Pinar de Antequera)
Elixido por El Cultural (suplemento de El Mundo) como un dos cinco mellores espectáculos españois do ano 2005
Premio María Casares á mellor iluminación do teatro galego

Acto Seguido

Premio María Casares á mellor iluminación do teatro galego

A Brazo Partido

Segundo premio á mellor dirección no VI Certame Nacional de Teatro para Directoras de Escena 03

The Queen is Dead

Premio María Casares á mellor dirección do teatro galego
Segundo premio á mellor dirección no Certame Nacional de Teatro para Directoras de Escena 01

Teatro para Camaleóns

Premio María Casares á mellor iluminación

Negro é Negro

Premio María Casares á mellor iluminación
Premio María Casares ao mellor espazo escénico

Zeppelin nº 7

Premio María Casares ao mellor espazo escénico

Deriva

Premio Compostela á mellor iluminación do teatro galego

Café Acústico

Premio Compostela á mellor dirección do teatro galego
Premio Compostela á mellor iluminación do teatro galego

31

Nominación para o Premio Compostela á mellor iluminación

PREMIOS RECIBIDOS

Teatro Galán (1993-2005)
Festival Internacional En Pé de Pedra (1995-2007)
creados e xestionados por Matarile Teatro

Premio Compostela de teatro ao labor teatral

Premio Xiria (Cangas) ao labor teatral

Premio Zapatilla de ARTEZ 05 Revista de artes escénicas, ao Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra

Premio da Crítica de Galicia 2006 ao Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra

Premio Abrente 2010 do MIT de Ribadavia polo labor teatral á fronte de Matarile Teatro, o Teatro Galán e o Festival Inter. En Pé de Pedra de danza contemporánea

Nominación aos premios 2005 da Feria Internacional de Teatro y Danza de Huesca á mellor programación de danza en España



BIBLIOGRAFÍA sobre Ana Vallés e Matarile Teatro

Eduardo Pérez-Rasilla (Universidad Carlos III)

"La vanguardia femenina en la escena española contemporánea. Las creaciones de Ana Vallés", publicado en El teatro del género. El género del teatro, Ed. Fundamentos 2009, páxs. 393 - 415. Alfonso Ceballos, Ramón Espejo, Bernardo Muñoz (eds.)

Ana Vallés. "Illa Reunión" - Edicions Laiovento. Escena Aberta

"El cuestionamiento de la ficcionalidad en el teatro contemporáneo. La creación teatral de Ana Vallés". Publicado na revista especializada de Filoloxía RILCE, nº 23.2 (2007), páxs. 451 - 463.

"Teatro Invisible, de Matarile: un acto de resistencia e paradoxo", publicado en Escenas do Cambio 2015 Ed. Xunta de Galicia. Fundación Cidade da Cultura de Galicia, páxs. 70 - 79.

Guadalupe Soria Tomas

"Últimas propuestas escénicas de Matarile Teatro"
José Romera Castillo (ed.): Análisis de espectáculos teatrales (2000-2006), Madrid, Visor Libros, 2007

Oscar Cornago - CSIC Archivo Virtual Artes scénicas

"Los caminos de la creación escénica y Matarile"
"Morir con las tristezas en los bolsillos"
"Las instituciones públicas, la creación escénica y... Matarile"

Agnès Surbezy

"Recreación grotesca y nuevos arabescos: lo grotesco en el teatro de Antonia Bueno e Ana Vallés" SIGNA nº 21.
Revista da asociación española de semiótica. UNED

Diana Mera TFM do Máster de Artes Escénicas da Universidade de Vigo. "Matarile Teatro: Análise desde unha Perspectiva Posdramática"

María Pilar López Suarez

Traballo de investigación tutelado "Escribir co corpo. Aproximación a fisicalidade en Matarile Teatro".
Setembro 2006 Universidade de Santiago de Compostela

Ana Contreras RESAD

próxima publicación, xunto con Alicia Blas Brunel,
"Dramaturgias colaborativas: escritura escénica colectiva en el estado español, siglo XXI". Ed. Fundamentos.

"Oratoria y alegoría en el teatro discursivo contemporáneo en España", relatorio dentro do Coloquio Internacional Université de Pauet des Pays de L'adour, outubro de 2015, en Bayona - Anglet - Biarritz.

Os espectáculos de Matarile e Ana Vallés presentáronse en cidades doutros países como Boston, Belgrado, París, Novisad, Porto, Leipzig, Boloña, Dresden, Edimburgo, Almada, Bayonne, Bucarest, Rennes, Brasilia, Tavira, Viana do Castelo, Cluj-Napoca.

MATARILE TEATRO

CELEBRACIÓN

30

ANIVERSARIO

1986 > 2016

1 - 2 - 3 - 4 - 5 marzo Teatro Principal

MATARILE TEATRO



Teatro Invisible

Staying Alive

Acción Hombres Bisagra
Electrónica en vivo

El Cuello de la Jirafa

Ponencias Perras
apuntamentos irreverentes
sobre a escena contemporánea

Teatro Invisible



día 1 ás 20:30 h. público sobre o escenario

Staying Alive



días 2 - 3 ás 20:30 h. visión desde os palcos do teatro

Ponencias PERRAS

Entrada Libre



Apuntamentos irreverentes sobre a escena contemporánea

Participan
Antón Lopo + Eduardo Pérez-Rasilla
Afonso Becerra + Ana Vallés

Sparings
Gena Baamonde + Diana Mera + César No + Ernesto Is
Merodeador
Roberto Leal

día 5 de 11:30 h. a 14:00 h. Galiñeiro Teatro - entrada libre

El Cuello de la Jirafa

Dedicado a Pepe Henríquez



día 4 - 5 ás 20:30 h. público sobre o escenario

Creación e interpretación
Ana Vallés

Espazo + iluminación
Baltasar Patiño

Textos Ana Vallés

Outros textos Javier Martínez Alejandro

Citas
Didi-Huberman, Gilles Deleuze, Pasolini, Tadeusz Kantor

Outras presenzas: Kazuo Ohno, Jane Alexander, Melville, Chavela Vargas

Axudante de dirección Baltasar Patiño

Asistente de dirección Daniel Baamonde

Fotografía Jacobo Bugarín + Rubén Vilanova + David Ruiz

Vídeo Jacobo Bugarín + Manu Lago + Cristina Balboa

Diseño na Rede + gráfico Baltasar Patiño

Estreado o 13 de marzo no Festival ALT 2014 de Vigo

Teatro Invisible

En decembro de 2012, a ESAD invitou a Ana Vallés a un encontro con alumnado de dirección sobre as formas teatrais de Matarile. Este encontro concretouse nunha conferencia de aparencia teatral que deu lugar a un coloquio, e a partir desta experiencia decidese desenvolver Teatro Invisible, onde se mostran as principais claves do teatro de Ana e Matarile.

Seleccionado por Revista FronteraD, como un dos dez mellores espectáculos programados en Madrid 2014

Creación e dirección Ana Vallés

Interpretación + coreografía

Mónica García

Janet Novas / Nuria Sotelo

Rut Balbís

Ana Vallés

Iluminación + son procesado e mesturado en tempo real

Baltasar Patiño

Textos Ana Vallés

Outros textos Mónica García + Nuria Sotelo + Rut Balbís

Producción Manu Lago

Asistente dirección Daniel Baamonde

Asistentes iluminación Fran Núñez + Miguel Muñoz

Vídeo realización GrisMedio

Fotografía Rubén Vilanova + Manu Lago + David Ruiz

Diseño na Rede + gráfico Baltasar Patiño

Estreado o 27 de setembro 2013 Compostela Auditorio USC

En **Staying Alive** partimos do significado do propio título: seguimos vivos, mantémonos vivos. Desde a peor Europa posible.

A pesar do medo, ou por riba do medo, ese medo incerto que vivimos en Europa, sobre todo os habitantes do sur.

Partindo do difícil que é ver o que temos diante dos nosos ollos, xorde a necesidade de preguntármonos cal é o noso lugar no mundo. Movémonos polas emocións; as emocións lévanos a entrar en acción.

Entremos, por que non?

As plantas, que non teñen emocións, non se equivocan. E, como dicía Roberto Bolaño, "O mundo está vivo e nada vivo ten remedio. E esa é a nosa sorte"



ACCIÓN

Hombres Bisagra

Electrónica en Vivo

Versión Especial
30 minutos



día 3 de 19:00 h. a 19:30 h. público sobre o escenario

Premio 2015 ao Espectáculo máis Innovador do TAC XVI Festival Internacional de Teatro y Artes de Calle de Valladolid

Dirección Ana Vallés + Baltasar Patiño

Concepto musical + Composición musical + Músicos performers

Nacho Sanz + Baltasar Patiño

Actuantes performers Miguel Torres + Carlos Hermida

Iluminación + espazo escénico + Vídeo Baltasar Patiño

Colección de sintetizadores Nacho Sanz

Estreado o 10 Outubro 2014 FITO Festival Inter. Teatro Ourense

Versión con Vídeo Estreada no Festival ALT de Vigo 2015



Producción
Matarile Teatro



Colaboran na produción



Colaboran na Gira



Colaboran con Matarile Teatro



Dirección + creación Ana Vallés

Intérpretes

Óscar Codesido

Mónica García

Enrique Gavilán

Baltasar Patiño

María Roja

Ana Vallés

Iluminación, espazo escénico e son mesturado en tempo real

Baltasar Patiño

Textos Ana Vallés + Enrique Gavilán

Outros textos Óscar Codesido + Mónica García + María Roja

Coreografía Mónica García

Auxiliar de dirección Diana Mera

Axudante de dirección Baltasar Patiño

Fotografía + vídeo Rubén Vilanova + Grismedio Studio

Deseño gráfico Baltasar Patiño

Imaxe cartel María Roja

Citas Cesare Pavese, Pier Paolo Pasolini

Producción Manu Lago + Laura Sánchez

Agradecementos Laura Sánchez e Marcos Vieitez

Estreado o 10 de outubro de 2015 no FITO Festival Inter. de Teatro de Ourense

El Cuello de la Jirafa

Non teño fillos. Non teño pais. Ás veces son unha árbore. Podo ser un animal.

Unha figura en movemento, sombra. Prescindo das flores.

Parecen flores no pelo, pero non o son.

Un día de xullo soleado, unha muller fumando, o bulicio das tabernas. A sensación de que vai pasar unha banda.

Non podo parar, non podo determe.

En ocasións penso que a cada minuto todo se converte en pasado e, non obstante, outras veces sinto que o pasado sempre volve e nunca se termina.

Queres un amorodo?

Ana Vallés



Producción
Matarile Teatro



Colaboran na produción



Colaboran con Matarile Teatro



Producción
Matarile Teatro

Colaboran con Matarile Teatro



Producción
Matarile Teatro

Colaboran na produción



Colaboran con Matarile Teatro



Producción
Matarile Teatro



Colaboran na produción



Colaboran con Matarile Teatro



Producción
Matarile Teatro



Colaboran na produción



Colaboran con Matarile Teatro

